

13Secretaría Xeral

Á Secretaría Xeral correspóndelle a formación e custodia dos libros de actas dos órganos xerais da Universidade, así como a expedición de certificacións, a custodia do arquivo e do selo oficial, a publicidade dos acordos e a organización dos actos solemnes.

Ademais das anteriores funcións, e como resultado da potestade autoorganizatoria da Universidade, na actualidade dependen da Secretaría Xeral os servizos de Asesoría Xurídica, de Normalización Lingüística, de Rexistro, Documentación e Arquivo e de Parque Móbil.

En 2010 foi prioritaria a organización das eleccións a órganos colexiados da Universidade, un complexo proceso que comezou no mes de setembro e rematou no mes de decembro coa proclamación dos representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria en Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento.

A Oficina de Apoio, directamente adscrita ao secretario xeral, xestiona os procesos electorais universitarios e a tramitación centralizada dos convenios de colaboración. En 2010, este departamento xestionou un total de 652 convenios.

Título	Número
Marco	28
Proxectos de investigación	109
Asesoramento investigación	93
Cursos	41
Prácticas	302
Posgrao	18
Outros	61
Total	652

Cadro 202 **Convenios tramitados pola Secretaría Xeral en 2010**

Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica é unha unidade administrativa de apoio aos órganos de goberno universitarios que asume tamén a representación e a defensa da Universidade da Coruña diante dos xulgados e dos tribunais cando resulta preciso.

En exercicio da súa función contenciosa, a Asesoría Xurídica iniciou 17 recursos contencioso-administrativos, incoados por profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado ou por terceiros alleos á comunidade universitaria (expropiacións, responsabilidade patrimonial, contratación administrativa).

Así mesmo cómpre salientar que durante 2010 se ditaron, na orde contencioso-administrativa, 80 resolucións xudiciais favorables á institución e 9 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social, iniciáronse 16 demandas. Ditáronse oito resolucións xudiciais favorables á UDC e seis desfavorables. Na orde xurisdiccional penal, iniciáronse catro procesos e ditáronse tres resolucións xudiciais favorables á UDC e unha desfavorable. Na orde xurisdiccional civil iniciáronse dous procesos, dos que un resultou favorable e o outro aínda non finalizou.

A cifra de apuntamentos reflicte os asentos de entrada/saída a que dan lugar ás actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC: 1.187, ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais: 643.

Polo que se refire á súa función consultiva, a asesoría emitiu 375 informes e asistiu a 38 sesións da Mesa de Contratación.

Apuntamentos	Rexistro xulgados	Rexistro interno
Entradas	540	504
Saídas	103	683
Total	643	1.187

Cadro 203 **Apuntamentos no ano 2010**

Iniciados	
Alumnado	3
PAS	12
PDI	10
UDC	2
Outros	12
Total	39

Rematados	
Alumnado	4
PAS	14
PDI	8
UDC	3
Outros	10
Total	39

Cadro 204 Procedementos iniciados e rematados en 2010

Resolucións	
Favorables á UDC	92
Desfavorables á UDC	16
Total	108

Cadro 205 Resolucións finalizadoras dos procedementos no 2010

Procedementos iniciados		
Alumnado		3
PAS		6
PDI		2
Outros		6
Total		17
Procedementos finalizados		10
Alumnado		4
PAS		9
PDI		8
UDC		2
Outros		4
Total		27
Resolucións xudiciais		1
Alumnado		5
Favorables á UDC	2	
Desfavorables á UDC	3	
PAS		15
Favorables á UDC	14	
Desfavorables á UDC	1	
PDI		7
Favorables á UDC	6	
Desfavorables á UDC	1	
UDC		4
Favorables á UDC	2	
Desfavorables á UDC	2	
Outros		58
Favorables á UDC	56	
Desfavorables á UDC	2	
Total		89

Cadro 206 Orde contencioso-administrativa en 2010

Procedementos iniciados	
PAS	6
PDI	6
Outros	4
Total	16
Procedementos finalizados	
Outros	6
PAS	5
Total	11
Resolucións xudiciais	
Outros	5
Favorables á UDC	3
Desfavorables á UDC	2
PAS	4
Favorables á UDC	1
Desfavorables á UDC	3
PDI	5
Favorables á UDC	4
Desfavorables á UDC	1
Total	14

Cadro 207 Orde xurisdiccional social en 2010

Procedementos iniciados	
Outros	2
Total	2
Resolucións xudiciais	
Outros	1
Favorables á UDC	1
Total	1

Cadro 208 Orde xurisdiccional civil en 2010

Procedementos iniciados	
PDI	2
UDC	2
Total	4
Procedementos finalizados	
UDC	1
Total	1
Resolucións xudiciais	
PDI	2
Favorables á UDC	2
UDC	2
Favorables á UDC	1
Desfavorables á UDC	1
Total	4

Cadro 209 Orde xurisdiccional penal en 2010

Iniciados	2009	2010
Contencioso - administrativo	19	17
Social	6	16
Civil	1	2
Penal	2	4
Total	28	39
Finalizados		
Contencioso - administrativo	37	89
Social	28	14
Civil	-	1
Penal	1	4
Total	66	108
Resolucións favorables á UDC	43	92
Resolucións desfavorables á UDC	23	16

Cadro 210 Evolución do número de procedementos

Informe de alumnado	10
Informe de contratos	22
Informe de convenios/acordos/protocolos	206
Informe de normativa	14
Informe de PAS	15
Informe de pregos	17
Informe de profesorado	8
Outros asuntos informados	26
Reclamacións do alumnado	2
Reclamacións do profesorado	4
Reclamacións- outros	2
Reclamacións previas á vía xudicial do PAS	7
Reclamacións previas á vía xudicial do profesorado	7
Reclamacións de responsabilidade patrimonial do alumnado	2
Reclamacións de responsabilidade patrimonial do PAS	2
Reclamacións de responsabilidade patrimonial- outros	2
Recursos do alumnado	10
Recursos do PAS	10
Recursos do profesorado	5
Recursos de contratación	2
Recursos de subvencións	2
Total	375

Cadro 211 Informes emitidos pola Asesoría Xurídica en 2010

Normalización Lingüística

Este servizo ten entre os seus obxectivos que a comunidade universitaria faga da lingua galega o seu vehículo habitual de expresión, para o que traballa na liña de reforzar a competencia lingüística e mellorar as actitudes sobre o idioma. Ao longo de 2010 o Servizo de Normalización Lingüística desenvolveu as tarefas que a seguir se especifican.

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, constituída o 23 de xuño de 2009, fixo posible a planificación de traballo conxunto e coordinado das tres universidades galegas desde unha perspectiva institucional. Desta maneira transmíteselle á sociedade galega en xeral e á comunidade universitaria en particular o compromiso da institución universitaria coa lingua galega. Igualmente, o labor desta comisión centrouse en combater os preconceitos existentes para empre-

gar con normalidade o galego e en favorecer as súas posibilidades de utilización como lingua de cultura e, xa que logo, como lingua tamén da docencia e da investigación. A esta aposta hai que acrecentar o que supuxo de aforro de recursos humanos e materiais e de establecemento das necesarias coordinacións e conexións entre localidades, espazos e servizos.

Unha das actuacións máis relevantes do traballo da comisión foi a campaña *En galego tamén se fai ciencia*, que foi desenvolvida polos servizos e áreas de normalización e polos servizos audiovisuais das tres universidades galegas. O proceso, xa interesante en si polo que supoñía de novidade e de compromiso persoal coa lingua desde o ámbito científico, ofreceu un resultado que pode verse na páxina <http://www.engalegotamensefaiencia.eu/>.

	2009	2010
Páxinas corrixidas	4.536	4.010
Páxinas traducidas	1.779	1.624

Cadro 212 **Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística**

O obxectivo cara aos vindeiros anos é o incremento da corrección e o asesoramento lingüístico para o colectivo docente, que pouco a pouco vai facendo uso dos recursos que lle pode ofrecer o Servizo de Normalización Lingüística.

Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico requirido adoita estar vinculado á revisión dos seus traba-

llos de investigación, canalizados a través das axudas previstas para a súa redacción e defensa en lingua galega.

A isto hai que lle engadir o labor de responder consultas lingüísticas e/ou terminolóxicas puntuais ou solicitudes de información recibidas por diferentes vías (teléfono, correo electrónico...).

Ferrol (PAS)	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua (1): Léxico e Sintaxe	14
A Coruña (PAS)	Curso de Linguaxe Administrativa de Nivel Superior	25
A Coruña (2, 1 PAS, 1 comunidade universitaria)	Curso de Técnicas de Expresión Oral	25
A Coruña (PAS)	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua (2): Cuestións de (Socio) lingüística e de Léxico	16
A Coruña (comunidade universitaria)	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua	20

Cadro 213 **Asistencia a cursos de lingua galega en 2010**

– Os días 14, 15 e 16 de xullo tivo lugar no Pazo de Cultura do Concello de Carballo o VI Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua, *Creatividade para a Lingua*, en que se combinaron sesións teóricas e sesións prácticas, formativas, de análise e de traballo conxunto con inclusión de

relatorios, grupos de traballo, presentación de experiencias, obradoiros, mesas de traballo e debates.
– A VII edición das Xornadas sobre Lingua e Usos, dedicada este ano ao tema *Lingua e Sanidade*, tivo lugar os días 1, 2 e 3 de decembro no Edificio Universitario do campus de Oza, dada a vinculación da

- materia que se tratou coas titulacións que alí se imparten. A estas xornadas asistiron con regularidade arredor de 50 persoas.
- O 9 de decembro tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación a Xornada de Formación para as Comisións de Normalización, a que asistiron membros destas nos diferentes centros e onde expuxeron as súas experiencias persoas que se ocupan da dinamización da lingua, quer desde unha perspectiva global quer desde o seu traballo na Administración local.
 - Convocouse a VII edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coas outras universidades galegas, con dúas modalidades de participación: deseño dunha campaña de promoción da lingua galega e ideas para a promoción do galego.
 - Mantívose en 2010 a liña de axudas á investigación en lingua galega, que incentiva a realización e defensa das teses e traballos de investigación en galego. Concedéronse as 70 solicitudes presentadas.
 - En 2010 editáronse as actas das VI Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Xénero, cuxos contidos tamén poden consultarse e descargarse gratuitamente na nosa páxina.
 - Canto aos recursos, cómpre salientar o sitio web do servizo, que ao longo do ano recibiu arredor de 11.000 visitas, o que supuxo un total de máis de 15.000 páxinas vistas. Así mesmo, alén de seguir dispendo de acceso a todas as publicacións editadas en papel polo servizo, tamén se acrecentaron novos recursos só dispoñibles en liña.

Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo organiza o seu traballo a través de dúas unidades: o Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	10.209	Total: 20.032
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	2.372	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	7.451	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	16.268	Total: 16.449
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	92	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	89	
Total de asentos			36.481

Cadro 214 Asentos realizados polo Rexistro en 2010

	2008	2009	2010
Total de asentos	36.575	37.892	36.481
Consultas atendidas	4.872	6.593	6.614

Cadro 215 Evolución do número de asentos e de consultas atendidas polo rexistro

En 2010 acometeuse unha reordenación importante dos rexistros auxiliares dependentes do Rexistro Xeral. En 1992 e 1995 creáranse respectivamente un rexistro específico para asuntos relativos aos estudantes e outro para os temas do terceiro ciclo. O aumento da actividade administrativa, a creación e modificación de unidades administrativas e a aprobación do Regula-

mento de Rexistro aconsellaban unha reestruturación, polo que en outubro se crearon os seguintes rexistros auxiliares:

- Rexistro Auxiliar de Acceso e Información (Pavillón de Estudiantes-Campus de Elviña)
- Rexistro Auxiliar de Bolsas (Pavillón de Estudiantes-Campus de Elviña)

- Rexistro Auxiliar de Atención e Promoción do Estudiante (Casa do Francés-Campus da Zapateira)
- Rexistro Auxiliar de Estudos Oficiais de Posgrao (Pavillón de Estudantes-Campus de Elviña)

Os tres primeiros dependen organicamente do Servizo de Estudantes e o último do Servizo de Organización Académica, sen prexuízo das competencias de supervisión e de coordinación que corresponden ao Rexistro Xeral. A presentación de escritos e comunicacións nestes rexistros auxiliares, relativos a procedementos, asuntos ou materias da súa competencia, ten a mesma eficacia e validez que a atribuída á súa presentación no Rexistro Xeral da Universidade.

Centro de Documentación e Arquivo

No ano 2010 houbo 13 transferencias de documentación ao Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR). O total de unidades de instalación que ingresaron no Centro foi de 811 (751 caixas de arquivo, 51 libros, 5 mapas, 3 planos, 1 caderno). No que atinxe ao *Fondo Universidade da Coruña* (documentación xerada pola propia UDC), en 2010 procesáronse un total de 886 unidades de instalación. O volume documental do CEDAR aumentou en arredor de 110 metros lineais de estantes.

Así mesmo, creouse un fondo denominado *Colección da Coruña: Cultura, Educación e Investigación*, distinto do fondo xeral da Universidade da Coruña. Neste fondo teñen cabida os documentos relativos ao ensino e á cultura na provincia da Coruña e, en xeral, á documentación relativa aos antecedentes da creación da Universidade da Coruña. Coa finalidade de incrementar este novo fondo adquiríronse en 2010 varios documentos:

- O CEDAR estivo presente nas *XVI Jornadas de Archivos Universitarios*, que tiveron lugar en Almagro (Ciudad Real) do 28 ao 30 de abril de 2010, organizadas pola Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas.
- O persoal do CEDAR elaborou ao longo de 2010 a proposta de identificación e valoración de nove series documentais (expedientes de probas selectivas, actas de cualificacións, expedientes de convocatorias extraordinarias etc...). Estas series documentais orixinan unhas Normas de conservación de documentos (http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/documentos/rexistro/normas_conservacion.asp), que todas as unidades e servizos da UDC están obrigados a cumprir. As propostas das series son examinadas e, de ser o caso, aprobadas pola Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos, que se constituíu en xuño de 2008.